



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 12 de xaneiro de 2011.
HORA DE COMEZO: 20:45 horas
HORA DE REMATE: 22:00 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Rodríguez
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Corrección de erros no pos 2011.**
- 3. Moción contra a retirada da axuda dos 426 € aos parados.**
- 4. Información alcaldía.**
- 5. Mocions urxentes.**
- 6. Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1) Aprobación da acta anterior.

Nin o PS de G nin o PP fan alegacións.

A secretaria interventora, di que hai un erro no punto N° 8 Apto. B) CESIÓN PARCELA.

Onde pon “ dita parcela linda :

Norte : con camiño e parcela de cesión obrigatoria ao concello para viais.

Sur : con camiño.

Leste : con camiño.

Oeste : con finca A 3.

Debe poñer:

Norte : con camiño.

Sur : con parcela 39 – A3.

Leste : con camiño.

Oeste: con parcela 39 – A3.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade apróbbase a acta da sesión celebrada o día 10 de novembro de 2010.

2) Corrección de erros no POS 2011.

Na sesión plenaria celebrada o día 10 de novembro de 2010 aprobouse o “ Plan de Obras e Servizos 2011”.

Con data do 17/12/2010 recíbese un escrito da Deputación Provincial de A Coruña no cal se sinala, que a achega do concello ao financiamento da obra “ Camiño de Noenlle a AC-960 (Sergude) e outros é dun 5% por redondeo de 4,99.

Sen embargo as bases reguladoras do POS, sinalan que a porcentaxe mínima do 5 % non poderá ser obtida por redondeo de 4,99.

Cos votos a favor do PP e a abstención do PS de G, acórdase:

1) Corrixir os erros detectados nas aportacións estado + deputación e na aportación municipal do proxecto “ Camiño de Noenlle a AC-960 (Sergude) e outros e da financiación de gastos correntes, no senso de incrementar un céntimo de euro nas aportacións municipais , do citado proxecto e gastos correntes, e deducilo na aportación estado + deputación.

2) Aprobar o POS 2011 coas correccións anteriormente citadas, quedando tal e como a continuación se detalla :

A) Realización de obras:

Denominación de obra	Estado+deputac	concello	Prespt.total
Camiño da N- 525 a Pazos – xunto antigo taller de Lestedo e outros	52.829,86	2.780,52	55.610,38
Camiño de Noenlle a AC-960 (Sergude) e outros.	54.140,55	2.849,51	56.990,06

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación Provincial
Achega provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	106.970,41 €

C) Resumo:

Denominación de obra	Estado+deputac	concello	Prespt.total
SUBTOTAL OBRAS	106.970,41 €	5.630,03	112.600,44 €
SUBTOTAL G. CORRENTES	106.970,41 €	207.029,59	314000,00 €
TOTAL	213.940,82 €	212.659,62	426.600,44 €

3.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade 2011.

5.- Solicitar á deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á deputación a obter as certificacións da axencia estatal de administración tributaria e da tesourería da seguridade social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3) Moción contra a retirada da axuda dos 426 € aos parados presentada polo grupo popular

Recentemente o goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426 € destinados a parados de longa duración (programa temporal de protección por desemprego e inserción).

Este recorte supón, en última instancia que o colectivo máis vulnerable da cidadanía é o que vai pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun goberno sen rumbo nin planificación.

O goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público; sen embargo, a política de despilfarro que levou a cabo nestes últimos anos o goberno de Zapatero obríganos a pagar agora uns intereses pola débeda moi superiores ao custo total do programa temporal de protección por desemprego e inserción (PRODI).

Así mesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso a moitas familias que contan unicamente con esa renda de subsistencia para manterse e sobrevivir. Ademais o momento que se escolle é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veranse obrigados a pedir axudas ós concellos, que tamén se encontran nunha situación de penuria económica.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete á consideración do pleno a aprobación do seguinte acordo:

"Instar ao goberno de España a manter o programa temporal de protección por desemprego e inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que esgotasen todas as súas prestacións".

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do PS de G acórdase :

- Instar ao goberno de España a manter o programa temporal de protección por desemprego e inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 € mensuais, para os desempregados que esgotasen todas as súas prestacións ..

4) Información da alcaldía.

Danse conta das Resolucións ditadas desde o día 8 de novembro de 2010 ata o día 5 de xaneiro de 2011.

5) Mocións urxentes.

Por urxencia presentáronse dúas mocións:

Unha, presentada polo grupo popular en contra da subida do recibo da luz.

Outra, presentada polo P.S.de.G, sobre a situación das estacións depuradoras municipais.

Por unanimidade apróbase a urxencia de ambas mocións.

A) Moción N° 117 do P.P. contra a subida do recibo da luz.

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que governa o partido socialista, a luz non parou de subir. Así desde o ano 2006 o recibo da luz subiu máis dun 40%, mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custo e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custo da enerxía.

Polo exposto anteriormente, sométese ao pleno do concello de Boqueixón a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno do Concello de .Boqueixón :

- Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.
- Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia.
- Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, as súas expectativas de creación de emprego.

Sen máis, cos votos a favor do PP e en contra os do PS de G, acórdase:

1) Manifestar o rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

2) Instar ao goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia.

3) Instar ao goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, as súas expectativas de creación de emprego.

B) Moción N° 119 do P.S.de.G. pola situación das estacións depuradoras municipais.

Exposición de motivos:

1.- Durante o ano 2010, vemos con preocupación a alarmante situación das estacións depuradoras municipais sendo requirido o goberno municipal en numerosas ocasións para solucionar as deficiencias no funcionamento de varias destas, principalmente por vertidos de augas residuais ao río sen o tratamento axeitado.

2.- O expediente de autorización dos vertidos de case todas as depuradoras están paralizados, con requirimentos de subsanación de defectos e ameazas de expediente sancionador, porque presentan defectos na depuración, cando en moitos casos son depuradoras con instalación e certificación de obra recentes.

3.- O concello xa tivo que facer fronte no mes de setembro de 2010 a unha sanción de 600 euros (inicialmente era de 3000 €) por desatender o requirimento de Augas de Galicia en relación coa EDAR do río Záramo en Sergude. E agora no mes de decembro de 2010 xa foi requirido novamente para subsanar defectos na mesma depuradora.

4.- Existe outro expediente sancionador aberto, xa desde o ano 2009, pola EDAR do río Cusanca en Lestedo, con proposta de sanción do mes de setembro de 2010 de ata 6000 €, e as alegacións do concello consistiron en dicirque se estaban a executar unhas obras que permitirían o bombeo do saneamento de Lestedo para a EDAR de Sergude, que como xa vimos non funcionaba correctamente.

5.- No mes de decembro de 2010 recibíronse no rexistro municipal novos requirimentos de subsanación de defectos por parámetros non autorizables nos vertidos das EDAR do Forte e a de Ledesma. E por outro lado, tamén son requiridos para subsanar defectos na tramitación dos expedientes de autorización dos vertidos das EDAR de Castenda – Melón, a de Loureiro e a de Vigo-Carabán-Manlle-Cubelo.

6.- Os informes da empresa adxudicataria da xestión do servizo de saneamento, a quen require constantemente o Concello, din que os problemas das EDAR de Lestedo e Sergude están principalmente na entrada de augas de pluviais “augas limpas” nas canalizacións do saneamento, levando un caudal que supera o que pode tratar a estación

depuradora, provocando o vertido de augas residuais sen tratar directamente ao río respectivo.

Por todo o exposto, propono ao pleno desta corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Requerir, desde o goberno municipal, ás empresas adxudicatarias das obras que están tendo filtracións na rede de sumidoiros, para que subsanen as deficiencias nas mesmas, esixíndolle as responsabilidades que lles competen.

2.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dentro dos presupostos da Xunta de Galicia para o ano 2011, financiamento para mellorar ou substituír a EDAR de Lestedo no río Cusanca, desbotando a idea de bombear o saneamento de Lestedo para a EDAR de Sergude, que non podería dar cabida a esa ampliación

Por unanimidade acórdase:

- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dentro dos presupostos da Xunta de Galicia para 2011, financiamento para a mellora ou substituír a EDAR de Lestedo, no río Cusanca, desbotando a idea de bombear o saneamento de Lestedo para a EDAR de Sergude, que non podería dar collida a esa ampliación.

6) Rogos e preguntas.

O Sr. Viaño fai os seguintes rogos e preguntas:

A) Rogos:

1- Que se faga a reparación da gabia ou focha que se realizou nun corte transversal na estrada da Silveira xunto ó campo de fútbol de Oural (Camporrapado).

2- Hai tres anos fíxose unha poda no campo de fútbol da Silveira. Daquela o técnico que fixo a poda recomendou que no prazo máximo de dous anos ou tres anos se fixera unha segunda poda para darlle forma as árbores. Por isto rogamus que a maior brevidade posible e guiados por un técnico forestal se realice esta segunda poda que permita darlle unha forma ou copa as árbores para que dean máis sombra e así permitan un maior disfrute das instalacións aos veciños.

3- Antes de certificar (se non está xa certificada) á obra de acondicionamento do contorno de Ponte Ledesma, comprobar a calidade das obras e como en pouco tempo xa presenta deficiencias.

B) Preguntas:

1- ¿ Por qué aínda non se presentaron os presupostos ? É que está negociando coa oposición porque non ten maioría suficiente para aprobalos.

Responde o sr. alcalde: estou esperando se mellora a situación e hai máis novidades.

2- ¿ Cando pensa cumprir as promesas con respecto ás beirarrúas de Ledesma ? Xa van dúas ou tres veces que nos din que se van arranxar e non se fai.

Resposta: ten vostede razón. Deberíamos tela feita pero fallounos o albanel.

3- Ante o importante número de vehículos cos que conta o concello no seu parque móbil pensa tomar o sr. alcalde algunha medida para reducir o gasto que isto vai provocar para as arcas municipais (seguros,combustible.....) nun momento de grave situación económica municipal (con débedas aínda pendentes e un futuro incerto no financiamento local).

¿ Pensa limitar o uso de coches oficiais ? Ou ¿ hai algunha cláusula nos contratos dos empregados municipais que inclúa o uso de coche oficial para ir e vir á casa, ó bar, etc.? Normalmente un vai co seu coche ao traballo e alí se o necesita usa o coche oficial, pero volve a casa no seu coche.

Estas actitudes e usos do goberno municipal son motivo de crítica e burla entre a xente de Boqueixón. Xa vai sendo hora de que o goberno municipal dea exemplo de austeridade xa que está subindo impostos e taxas a todos os cidadáns.

Responde o sr. alcalde: protección civil, ás veces, cando están de garda, si levan o vehículo pero é por razóns prácticas no caso de urxencia.

Responde o sr. Viaño que neses casos é lóxico pero que el non se refire a iso, pois sempre que sexa para realizar funcións municipais é comprensible. Refírese a algún traballador que o utiliza para ir a casa, ó bar etc.

O sr. alcalde, di que agora hai novos vehículos o que suporá un gran aforro de combustible.

O Sr. Viaño reitera que o goberno municipal ten que dar exemplo de austeridade e unha forma de facelo é co uso racional dos vehículos.

4- Recentemente tivo entrada no rexistro municipal a liquidación de gastos de don Adolfo Gacio Vázquez. Non tivemos tempo de pedir a factura completa, pero na documentación (xaneiro - abril) que se reflicte no resumo do rexistro de entradas , atopamos certas cuestións sobre as que quixéramos preguntar :

¿ Onde ten fixado o seu domicilio o sr. alcalde ?

¿ Na Coruña ou en Boqueixón ?.

¿ Por qué presenta quilometraxe de A Coruña – 180 Km e a Granxa – 180 Km.? ¿Cal é o real?

¿ En cantas desas viaxes usa un vehículo municipal?

¿ Qué pasaría si os outros concelleiros do seu grupo cobrasen por vir ver unha aldea?

Un problema, cando son requiridos polos veciños, nas súas competencias municipais.

- Cobra da deputación
- Cobra asistencia aos órganos colexiados do concello.
- E agora aínda carga quilometraxe por máis de 1.000 €.

Esa non é a austeridade que necesitamos para a economía municipal.

Por outro lado, o concello paga mensualmente a E.T.G 1.771,78 €. ¿Por qué non poden vir eles ao concello en lugar de ir vostede ao E.T.G. ¿ Logo pasa vostede o quilometraxe?.

Tamén foi invitado á “ festa da camelia “, e sendo invitado a unha festa non debería pasar quilometraxe ó concello.

O mesmo que coas peregrinacións a Santiago cos xubilados-pensionistas.

O sr. alcalde responde o seguinte:

En canto a E.T.G, fan un traballo importante e o que se lles paga non é tanto, pois eles non nos cobran os proxectos, que si fai con outros concellos.

O Sr. Viaño di que el si ten visto facturas de proxectos.

Pregúntalle o sr. alcalde cales.

Responde o sr. Viaño que os do plan E.

Responde o alcalde que eses estaban subvencionados.

En canto a súa residencia, o sr. alcalde responde que el reside en Boqueixón e que o dos quilómetros de Gastrar é un erro.

Os gastos por quilometraxe, o sr. alcalde di que os presenta porque ten que facer todas esas xestións e faino co seu coche propio, e sempre presenta os xustificantes dos aparcadoiros e de peaxe.

Di así mesmo, que nunca viaxa en coches do concello. Como moito, algunha vez protección civil foron a recollelo a Santiago porque non tiña coche.

O sr. Viaño reitera que non debería pasar tantos gastos e que ultimamente están sendo máis avultados do que facía antes.

O alcalde di que pasa os gastos por quilometraxe, pero nunca dentro do concello.

Responde o Sr. Viaño que tampouco o fan os demais concelleiros.

Sen máis asuntos que tratar , o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Vº e praxe

O presidente